





De seguido, douche as instrucións, para que o fagades vós:

ARGUMENTO

O protagonista da vosa historia será o **Sr Al' Umi' Nio** que contará a súa vida dende que foi extraído como mineral primario nas lonxanas terras da Amazonía ata chegar a ser desbotado nun vertedoiro dun país desenvolvido coma o noso.

Contade a súa vida tendo en conta o proceso de explotación, transporte da materia prima, tratamento primario (alúmina), tratamento secundario (aluminio), transporte do metal, transformación en produto final e desbote.

Formará parte dunha bicicleta, dunha fiestra, dun avión... ou quizais dunha vulgar lata de refresco?

A decisión é
vosa



FOLLA DE RUTA



1º No grupo decidir a idea que ides desenvolver, coa selección dos problemas ambientais que trataredes. Para iso podeades usar a información e vídeos colgados na aula virtual.

2º Decidir o formato que ides utilizar (tira cómica, cómic manga, ...) e a aplicación coa que ides traballar.

3º Planificar o bocexo da historia que queredes contar, co deseño dos personaxes.

4º Crear as viñetas e os diálogos.

5º Por último, elixir unha portada atractiva.



NORMAS



1º Consulta todos os días a **planificación na Aula Virtual** para seguir as instrucións detalladas e engade no **portfolio individual** os indicacións como: completar listas de cotexo, responder preguntas, etc.)

2º **Extensión** entre 5-8 páxinas (portada incl.).

3º **Respectar a autoría** na rede, recordade que non vale copiar e pegar. Referencia a webgrafía.

4º **Respectar os dereitos de imaxe**, podedes usar aplicacións gratuítas como freepik ou flaticon para descargar imaxes, iconas, ...



